

PUBLICADAS as bases de subvencións para **proxectos de enerxías renovables destinadas a aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industria, servizos e agrícola primario.**

PRAZO 28/02/2018.

BENEFICIARI@S:

As empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos, que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia, incluídas no sector servizos, **agrícola primario** ou da industria

ACTUACIÓN SUBVENCIONABLES:

i. Os investimentos en substitución ou mellora de equipamentos e instalacións consumidores de enerxía do proceso produtivo do sector industrial. O aforro enerxético mínimo requirido para ser subvencionable deberá ser dun 5 % respecto do consumo inicial.

ii. A renovación ou mellora de equipamentos de instalacións existentes de produción de calor e frío, destinadas a atender a demanda de benestar e hixiene das persoas, por outras de alta eficiencia enerxética. O aforro enerxético mínimo requirido para ser subvencionable deberá ser dun 20 % respecto do consumo inicial.

iii. A mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación existentes que leven asociada unha redución anual de, ao menos, un 40 % respecto ao consumo inicial en iluminación.

iv. Instalacións fotovoltaicas, minieólicas, solares térmicas, bombas de calor (aeroterminia, xeoterminia e hidrotérminia), biogás e calquera outro sistema de aproveitamento de enerxías renovables que contribúan a aumentar a eficiencia enerxética da empresa. O aforro enerxético acadado debe ser superior ao 20 %

v. Calquera outra actuación non recollida nos puntos anteriores que implique un aforro enerxético mínimo dun 20 % respecto do consumo inicial.

vi. Para contribuír á comprobación dos resultados enerxéticos obtidos será subvencionable a implantación de medidas de contabilización, monitorización e telexestión do consumo de enerxía asociadas ás actuacións de aforro

Contía da axuda será **do 35 %** do custo elixible da actuación. A intensidade da axuda incrementárase **un 20 %** no caso de axudas concedidas a pequenas empresas e **un 10 %** no caso de medianas empresas.